

BASES DOS SORTEOS DA CAMPAÑA DE DINAMIZACIÓN DE NADAL 2022 DO CENTRO COMERCIAL ABERTO O BARCO

1. A asociación Centro Comercial Aberto (CCA) O Barco organiza unha campaña de dinamización comercial e de ocio para festexar o Nadal 2022, dirixida a un público familiar e infantil. No programa de actividades se inclúen dous sorteos para os clientes do CCA O Barco e o público en xeral:
 - **SORTEO DUN VALE DE COMPRA DE 50,00 EUROS.** Os/as veciños/as que o desexen poden entregar a súa carta a Papá Noel no buzón real que se atopará na Casa de Papá Noel, localizada na Praza do Concello do 21 ao 24 de decembro, e custodiada por un elfo. Para participar no sorteo as cartas deberán levar un nome completo e un teléfono de contacto. O sorteo realizarase o martes 27 de decembro na oficina do CCA O Barco.
 - **SORTEO DE DEZ LIBROS DE PAKOLAS.** O venres 23 de decembro, ás 16:30 horas, celebrarase o concerto infantil, na Praza do Concello, *Cores, Contos e Rock and Roll con Ramona Órbita* de Pakolas. Ao finalizar o concerto e entre todos os asistentes que entregaran, ao inicio do evento e aos responsables do CCA O Barco, un ticket de compra, con data de decembro de 2022, dalgún establecemento asociado ao CCA O Barco sortearanse en directo dez libros de Pakolas.
2. Os/as premiados/as publicaranse nos medios de comunicación, así coma nas redes sociais e na páxina web de AEVA e do CCA O Barco.
3. O(s) premio(s) que non sexa(n) aceptado(s) no prazo establecido quedará(n) deserto(s).
4. Os/as premiados/as teñen a obriga de recoller persoalmente os premios, motivo polo que quedarán desertos os que non sexan recollidos polo seu titular, e terán que entregar unha copia do seu DNI as entidades organizadoras para acreditarse como gañador.
5. A participación no sorteo supón a plena aceptación destas bases, así como a autorización ás entidades organizadoras para a utilización dos datos de identificación facilitados polos participantes nos tickets de compra, única e exclusivamente para os fins propios desta campaña. Esta autorización faise extensiva á imaxe dos gañadores para os efectos de publicidade do resultado da campaña. O incumprimento destas bases supón a privación de tódolos dereitos que podan derivar da participación na campaña.

6. O Centro Comercial Aberto O Barco xestionará os datos persoais facilitados polos participantes nesta campaña con estrito cumprimento de tódolos requisitos exigibles pola Lei orgánica 03/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais. Os datos facilitados polos participantes que resulten premiados incorporaranse un ficheiro automatizado, e serán utilizados, única e exclusivamente, para ditos fins previstos nas presentes bases. Non obstante, calquera dos participantes poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición por medio dunha comunicación escrita dirixida a: Asociación Centro Comercial Aberto O Barco, rúa España 1, 32300 de O Barco de Valdeorras. Unha vez transcorridos os prazos legais establecidos, os datos recopilados para o fin serán destruídos.

7. O Centro Comercial Aberto O Barco resérvase o dereito a modificar total ou parcialmente estas bases, así como a suspender o sorteo, sen incorrer en ningún tipo de responsabilidade.

O Barco de Valdeorras, decembro de 2022